



FUNDACIÓN PÚBLICA
ARTESANÍA DE GALICIA

PLAN DE ACTUACIÓNS 2025

Fundación Pública Artesanía de Galicia



ENTIDADE: Fundación Pública Artesanía de Galicia

CIF: G15889744

Nº DE REXISTRO: 2003/29

EXERCICIO: 2025

DATOS DA ENTIDADE:

Domicilio: Área Central L34FGHI

Localidade: Santiago de Compostela

Código postal: 15707

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: centro.artesania@xunta.gal

Teléfono: 881999171/881999175

Persoa de contacto: Elena Fabeiro Castro



A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral destinada á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego apostando pola innovación e fomento da capacidade de adaptación ás novas tendencias do mercado e ao deseño, ao tempo que se preservan os valores que constitúen a esencia dos produtos artesanais.

- ✓ Dotar de maior visibilidade ao sector e favorecer o fortalecemento do tecido produtivo
- ✓ Afianzar un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesán
- ✓ Aposta pola profesionalización do sector e a incorporación de novas competencias e disciplinas
- ✓ Promocionar, difundir e protexer a marca Artesanía de Galicia.
- ✓ Sensibilización da sociedade sobre a importancia da artesanía como motor económico e cultural de Galicia
- ✓ Posicionamento da artesanía como un sector consolidado cunha longa traxectoria
- ✓ Potenciar o relevo xeracional promovendo o acceso de novos talentos ao sector e a súa profesionalización
- ✓ Dar prestixio á artesanía, recoñecendo ás empresas artesanais a súa creatividade e a adaptación ás tendencias do mercado
- ✓ Potenciar a cooperación con outros sectores produtivos
- ✓ Aposta pola innovación na elaboración de produtos con deseños avanzados portadores de referencias, introducindo novas tecnoloxías e a investigación en novos materiais, ferramentas de fabricación e xestión



O plan de actuación previsto para o ano 2025 céntrase nos 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns.

1. ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

1a. Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

1b. Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades.

- ✓ Asistencia a feiras especializadas profesionais e de venda directa.
- ✓ Introducción do produto artesán en accións de promoción de Galicia como showrooms e pop ups, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanais de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

2. PROFESIONALIZACIÓN, FORTALECEMENTO DO TECIDO PRODUTIVO ARTESÁN E MAIOR VISIBILIDADE DO SECTOR

Obxectivos xerais:

2a. Formación especializada e mellora continua do sector na busca dunha profesionalización do sector.

2b. Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.



3. DIVULGACIÓN

Obxectivos xerais:

3a. Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da Artesanía de Galicia.

4. ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

4a. Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.

4b. Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.



1.- ACTIVIDADES DA ENTIDADE

Actividade 1

Denominación da Actividade	Artesanía = Empresa
Tipo de Actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	E01 / H01 / I01 / K01

Descrición detallada da actividade prevista

Accións a desenvolver no 2025:

1.1. Corazón da Artesanía. XII Encontro da Artesanía tradicional e popular de Galicia

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia. Este proxecto foi finalista no ano 2022 e gañador no ano 2023, nos Premios Nacionais de Artesanía, na categoría Premio Promociona para Entidades Públicas.

Obxectivos xerais do Encontro:

- ✓ Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía é unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- ✓ Recuperar un espazo do valor histórico dos Pendellos e dotalos novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- ✓ Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos



que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.

- ✓ Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- ✓ Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a garantir a sostibilidade deste sector.
- ✓ Escenario para invitar a prescriptores nacionais e internacionais, e periodistas e medios especiais en artesanía.

1.2. Participación de Artesanía de Galicia no Proxecto Vilas Vivas que impulsará a Xunta en 2025 para dinamizar o tecido comercial de vilas e cabeceiras de comarca.

Obxectivos xerais:

- ✓ Potenciar e dinamizar o comercio como motor de dinamización a **tódolos niveis: económico, social, hostaleiro e turístico**, co obxectivo de revitalizar as vilas e cabeceiras de comarca.
- ✓ **Visibilizar e dar vida a baixos comerciais en desuso nos cascos históricos**, coa promoción de actividades puntuais para reanimar estes espazos e achegar novos visitantes.



1.3. Accións de promoción/venda/divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on/offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

Obxectivos xerais: (on/offline)

- ✓ A artesanía está a ser considerada como un ben diferencial e cun gran potencial ligado a unha nova realidade e novos valores (consumo de experiencia, patrimonio, consumo Km 0, sostibilidade e baixa pegada ecolóxica, etc.).
- ✓ Ofrecer unha imaxe transversal e de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, patrimonio, cultura e turismo).
- ✓ Fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles potenciais prescritores da Artesanía de Galicia.

Accións previstas

- ✓ **Organización e colaboración en eventos de interese artesanal** de comercialización, divulgación e formación co obxectivo de amosarlle á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito á man en canto a súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.
- ✓ **Accións de Promoción** coa realización de pop ups ou algunha acción específica en diferentes localidades nacionais.
- ✓ **Proxecto Artesanía de Galicia no Courel 2025.**

O ano 2021 puxemos en marcha unha iniciativa centrada na divulgación e en programas de formación dos oficios artesanais, e



no achegamento da artesanía á sociedade, a través de diferentes talleres desenvolvidos en diferentes localizacións de Folgoso do Courel.

Artesanía de Galicia no Courel, organizada en colaboración co Concello de Folgoso do Courel e coa Fundación Uxío Novoneyra, é un evento que terá continuidade no tempo e que complementará outras actuacións coma o Corazón da Artesanía, máis enfocadas á comercialización do produto artesán.

A Fundación Uxío Novoneyra e antigas escolas unitarias de varias localizacións no concello de Folgoso do Courel converteranse nun espazo no que sentir a artesanía, a gastronomía a cultura e a natureza.

A demostración de oficios e os obradoiros abertos dirixidos a todo tipo de públicos supoñen unha das vías máis efectivas para a achegarlle a artesanía á sociedade e, especialmente, aos máis pequenos. Deste xeito contribúese a fomentar o relevo xeracional, a visibilizar a marca Artesanía de Galicia e a transmitirlle á sociedade os valores e o traballo que implica a artesanía.

- ✓ Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais e internacionais (material promocional, exposicións de pezas e demostracións de artesáns).
- ✓ Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.



- ✓ Coordinación en Galicia dos **Días Europeos da Artesanía (31 marzo-6 abril)**. Trátase dunha iniciativa internacional promovida en España pola Escuela de Organización Industrial (EOI) e pola súa área de promoción da artesanía, Fundesarte, na que a Xunta de Galicia colabora por décimo segundo ano consecutivo. A Fundación coordina todas as actividades realizadas en Galicia.
- ✓ **Programa Divulgativo (Facemos marca)** para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector.
Accións:
 - Accións de divulgación da Marca nas escolas de deseño
 - Accións en centros formativos de Formación Profesional.
 - Accións en concellos e outras institucións.
- ✓ Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia.
- ✓ Colaboración e apoio ás tendas da marca Artesanía de Galicia e busca de novas formas de comercialización.
- ✓ Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo promocional.
- ✓ Colaboración, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.



1.4. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

Accións previstas

- ✓ XI Encontro de Cacharreiros de Niñodagua 2025
- ✓ XXV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, Xermade 2025
- ✓ XVI Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto 2025
- ✓ XLV Feira do Viño de Amandi en Sober 2025

B) Recursos humanos e económicos empregados na actividade

B.1) Recursos humanos

Tipo	Número	Nº horas / ano
Persoal asalariado	7	

O persoal da Fundación é o encargado da organización, control e xestión administrativa dos proxectos a realizar.



B.2) Recursos económicos

	% de gastos previstos	Importe
Artesanía = Empresa	59,65 %	488.000

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Esta actividade beneficiará ao conxunto do sector artesán galego e a sociedade no seu conxunto.



Actividade 2

Denominación da Actividade	Profesionalización, fortalecemento tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector
Tipo de Actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	E01 / H01 / I01 / K01

Accións a desenvolver no 2025:

2.1. Programa Aprender da Tradición. Oficios e técnicas

Programa formativo iniciado no 2023 para a renovación e a conservación de técnicas e oficios tradicionais, destinado á mellora continua dos profesionais da artesanía e á captación de novos talentos para o sector.

Os obxectivos específicos do programa son:

- Capacitar os artesáns e expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos
- Facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas

2.2. Programa de formación especializada para unha profesionalización continua dos profesionais da artesanía en técnicas, procesos e materiais.



2.3. Proxecto Artesanía de Galicia na Escola

Programa iniciado o pasado ano 2023 que procura divulgar e achegarlle os oficios artesanais aos máis pequenos e pequenas, amosando a artesanía como unha oportunidade profesional de futuro e transmitindo os valores da artesanía que van unidos a un consumo responsable máis consciente e máis sustentable.

O proxecto vertébrase na elaboración de diferentes unidades didácticas monográficas sobre oficios artesanais e nas que se inclúen un libro en papel e material dixital (libro e fichas) explicativos dos oficios protagonizados polos propios artesáns e artesás.

A primeira das unidades didácticas que se publicaron, Eu son zoqueira, é unha unidade centrada na figura de Elena Ferro, responsable do obradoiro Eferro (Merza, Vila de Cruces), e estase a traballar en novas unidades didácticas da ourivería compostelá, de instrumentos musicais, do téxtil e da cerámica. Este programa ten carácter de continuidade coa incorporación de novos oficios e tratará de chegar a centros de educación infantil, primaria e secundaria de toda Galicia.

Obxectivos xerais

- Posta en valor do produto feito, do produto personalizado, único e do papel do profesional da artesanía como creador e como transmisor de coñecemento.
- Divulgación dun amplo abanico de oficios artesanais existentes en Galicia co obxectivo da súa posta en valor como parte do noso patrimonio cultural e da nosa tradición



pero tamén desde a súa perspectiva económica e profesional.

- Atallar o problema da falta de relevo xeracional nos oficios máis tradicionais e promover o desenvolvemento do sector artesan e o valor engadido a medio/longo prazo coa divulgación e coa formación dos máis pequenos como futuros creadores e como futuros clientes de artesanía.
- Divulgar os vellos saberes que se transmiten de xeración en xeración relacionados co territorio pero tamén amosar os novos oficios vinculados a unha artesanía máis contemporánea, máis creativa onde a innovación e as novas tecnoloxías son fundamentais.
- Transmisión dos valores da artesanía que van unidos a un novo consumo responsable máis consciente e máis sostible, máis respectuoso co medio ambiente, e que encaixa coas tendencias máis actuais do "slowmade", do valor da produción local e da economía circular.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
Persoal asalariado	7	



Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

	% de gastos previstos	Importe
Profesionalización, fortalecemento tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector	19,56 %	160.000

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Esta actividade beneficiará ao conxunto do sector artesán galego e a sociedade no seu conxunto.



Actividade 3

Denominación da Actividade	Divulgación
Tipo de Actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	E01 / H01 / I01 / K01

Accións a desenvolver no 2025:

3.1. Premios Artesanía de Galicia 2025

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesan galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

- Premio Artesanía de Galicia 2025

Dotado con 9.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento da mesma.

- Premio Traxectoria 2025

De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesán/á galego/a. O premio concédese tendo en conta as



propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.

- Bolsa Eloy Gesto 2025

Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo. Premia a tres candidaturas que presentan unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o curriculum da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2025

Coordinación da edición anual do número 23 da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de



interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e redes sociais

- ✓ Organización de viaxes para prescriptores e prensa especializada para a promoción da nosa artesanía.
- ✓ A Fundación elabora periodicamente dossiers, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram, Twitter) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.
- ✓ A Fundación coordina, promove e difunde a través das redes sociais diferentes actuacións de interese para o sector.
 - Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
 - Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
 - Difusión de titoriais online.
 - Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
 - Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
 - Formación para a mellora do deseño web.
 - Difusión, publicación e novidades de interese para o



sector.

- Difusión de casos de éxito na colaboración.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
Persoal asalariado	7	

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

	% de gastos previstos	Importe
Divulgación	12,22 %	100.000

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Esta actividade beneficiará ao conxunto do sector artesan galego e a sociedade no seu conxunto.



Actividade 4

Denominación da Actividade	Artesanía innovadora e colaborativa
Tipo de Actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	E01 / H01 / I01 / K01

Accións a desenvolver no 2025:

4.1. Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación. Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do "saber facer" dos seus profesionais.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.)

4.2. Accións Artesanía e sustentabilidade, identificadas con novos hábitos de consumo de produtos responsables, respectuosos, ecolóxicos, slowmade e comercio de proximidade son "o espazo natural" da artesanía. A valoración do uso de materiais sustentables e intelixentes son un factor de innovación



do sector.

4.3. Acción de colaboración coas Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades, Master de Moda da Universidade de Vigo e deseñadores/as profesionais. Premios as coleccións con maior valor artesanal.

- ✓ Desfile Despunte, Escola de arte e superior de deseño Mestre Mateo
- ✓ Desfile DEBUT, Esdemga.

4.4. IV Foro Profesional de Instrumentos Musicais Resonancias 25 no marco do XVI Festival Música no Claustro de Tui.

Tras o éxito das primeiras edicións, dáselle continuidade a temas como a investigación, a restauración e conservación preventiva dos instrumentos musicais históricos, xunto con desenvolvemento de innovación nas técnicas en nos materiais de construción.

4.5. Programa Novos Presentes e futuros 2025.

O rural como xerador de novas vías de desenvolvemento culturais, sociais, medioambientais e económicas futuras onde se afonda na tradición, deseño e innovación, biomateriais, oficios, recursos locais, ecoloxía e economía circular en colaboración co Espazo Vilaseco, San Cristovo de Mouricios (Chantada).

En cada edición está previsto complementar a programación das Xornadas con cursos de formación vinculados á temática de cada edición que lle permitan aos asistentes experimentar con materiais e técnicas diferentes que abran novas vías de



desenvolvemento para a artesanía.

As actuacións desenvolvidas ata o momento son:

- ✓ Tecendo futuros. Prácticas téxtiles contemporáneas 2023.
- ✓ Novas artesanías para novas ecoloxías 2024.

4.6. Accións Artesanía e Industria motivados pola demanda crecente pola industria de obxectos únicos e exclusivos para incluílos nos seus produtos como sinais de calidade, diferenciación de produto ou vangarda.

A Fundación actúa de canal intermediario para poñer en contactos aos artesanáns e artesás e a pequenas, medianas e grandes empresas de diferentes sectores (moda, arquitectura, decoración, alimentación, contract...)

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
Persoal asalariado	7	

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

	% de gastos previstos	Importe
Artesanía innovadora e colaborativa	8,57%	70.000



C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Esta actividade beneficiará ao conxunto do sector artesán galego e a sociedade no seu conxunto.



2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS	Actividade 1	Actividade 2	Actividade 3	Actividade 4	Total actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	1.500,00	0,00	21.000,00	4.500,00	27.000,00	0,00	27.000,00
a) Axudas monetarias	1.500,00	0,00	21.000,00	4.500,00	27.000,00	0,00	27.000,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Aprovisionamentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	327.323,70	327.323,70
Outros gastos de explotación	486.500,00	160.000,00	79.000,00	65.500,00	791.000,00	72.676,30	863.676,30
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00



Impostos sobre beneficios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total gastos	488.000,00	160.000,00	100.000,00	70.000,00	818.000,00	400.000,00	1.218.000,00

INVESTIMENTOS	Capital (C.VII)	Corrente (C.IV)
Adquisicións de inmovilizado (agás bens patrimonio histórico)	2.000,00	0,00
Total investimentos	2.000,00	0,00

TOTAL RECURSOS EMPREGA	Capital (C.VII)	Corrente (C.IV)	Total
Gastos	818.000,00	400.000,00	1.218.000,00
Investimentos	2.000,00	0,00	2.000,00
Total investimentos	820.000,00	400.000,00	1.220.000,00

3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Capital (C.VII)	Corrente (C.IV)	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00	0,00	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	20.000,00	0,00	20.000,00
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00	0,00	0,00
Subvencións do sector público	800.000,00	400.000,00	1.200,000
Achegas privadas	0,00	0,00	0,00
Outros tipos de ingresos	0,00	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	820.000,00	400.000,00	1.220.000,00

